



# VENTE *Reis* COS *Magos*



## BOLETÍN DE INSCRICIÓN AO CONCURSO

D./Dna. (nome do pai/nai/titor/a), \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_  
Teléfono de contacto \_\_\_\_\_ Correo electrónico \_\_\_\_\_

### Solicito a inscrición no concurso "Vente cos reis magos" 2021/22 da/o seguinte menor da/o que son responsable:

Nome \_\_\_\_\_ Apelidos \_\_\_\_\_  
Data de nacemento \_\_\_\_\_

E, en consonancia coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, CONSINTO expresamente a publicación das imaxes nas cales apareza a/o menor da/o que son responsable, individualmente ou en grupo, que se poidan realizar en vía pública, nas diferentes secuencias durante o desfile da Cabalgata de Reis 2022.

Sinatura do pai/nai/titor(a)

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE TRATAMENTO DOS DATOS

**Responsable:** Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Finalidade:** Instrución do procedemento do Concurso Vente cos Reis Magos 2021/22, cuxo obxecto é a selección de corenta nenas/os máis doce suplentes para participar no desfile da Cabalgata de Reis 2022.

**Lexitimación:** Consentimento expreso.

**Destinatarios dos datos:** Concello de Vigo. Non se prevén cesións ou transferencias de datos.

Exercicio de dereitos sobre protección de datos: Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión dos seus datos e demais que lle recoñeza a normativa reguladora a través da Sede electrónica do Concello de Vigo ([www.hoxe.vigo.org](http://www.hoxe.vigo.org)) e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Contacto do delegado de protección:** [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Procedencia dos datos:** Pais/nais/titores dos menores.

**Información adicional:** O tratamento e protección destes datos realízase de conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.



# VENTE *Reis* COS *Magos*



## BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO

“Vente cos Reis Magos 2021/22”

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, no desfile da Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2022, ademais de doce suplentes para cubrir as posibles baixas ou renuncias. As/os nenas e nenos serán repartidos en grupos nas carrozas dos Reis Magos e na do Carteiro/a Real.
2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos de Vigo que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2013, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso, circunstancia que será verificada polo Servizo de Festas.
3. Para participar neste concurso, será necesario que o pai/nai/titor(a) cubra o Boletín de inscrición. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saíans. Só se aceptará un boletín por nena/o.
4. Os interesados poderán descargar o Boletín de inscrición na páxina web municipal ([www.hoxe.vigo.org](http://www.hoxe.vigo.org)) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais
5. O período de inscrición será do 09 ao 16 de decembro de 2021, ambos incluídos, (consultar horarios apertura dos centros cívicos).
6. O sorteo público realizarase o día 20 de decembro de 2021, ás 12:00 horas, no Auditorio Municipal da Casa do Concello. Este sorteo realizarase ante a funcionaría municipal que ten asignada a fe pública, para a selección dos/as corenta (40) participantes e os/as doce (12) suplentes.
7. A listaxe definitiva de admitidos farase pública na páxina web municipal, a efectos de eventuais alegacións.
8. O sorteo iniciarase dando conta do número de inscritos admitidos ao concurso. No caso de que o número de inscritos fose igual ou inferior a corenta e estes estivesen debidamente inscritos, non será necesario o sorteo, limitándose o acto a proclamar como seleccionados a todos os inscritos.
9. O Servizo de Festas comunicará directamente a todos os seleccionados a súa participación no evento.
10. Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deberán, previa comunicación do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentación:
  - A autorización de participación da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas.
  - A autorización para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na vía pública.
  - DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena.
  - Documento acreditativo da súa condición de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado.
  - Un número de teléfono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha dirección de correo electrónico onde notificar o requirimento de documentación.
11. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.
12. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.
13. As bases de participación neste concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal [www.hoxe.vigo.org](http://www.hoxe.vigo.org) e nos medios de comunicación locais.
14. Os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento do concurso “Vente cos Reis Magos”, obxecto das presentes bases; só serán solicitados aqueles datos estritamente necesarios para a mencionada finalidade.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.

O responsable do seu tratamento será o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

En consecuencia, requirirase nos boletíns de inscrición o consentimento dos pais ou tutores dos menores para a súa participación neste concurso, que se dará de manifesto coa súa autorización para a inscrición e para que os datos recollidos sexan tratados coa finalidade prevista anteriormente.
15. Cada participante debe cumprir coa normativa COVID-19 vixente no momento da execución do evento e coas medidas establecidas nesta materia da autoridade correspondente.

No caso de que a normativa sanitaria derivada da COVID-19 ou outras causas de forza maior non permitan realizar o PERCORRIDO da Cabalgata de Reis 2022, o concurso quedará sen efecto ao suspenderse o acto de acompañamento aos Reis Magos.
16. A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.
17. Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 3 de xaneiro ás 10:00 horas no auditorio municipal. Do mesmo xeito deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido de la Cabalgata.